



ACTA DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA SANEAMENTO EN VENTOSA. PAS 2015

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día seis de febreiro de dous mil dezaoto reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto das obras de saneamento en Ventosa.

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 14 de decembro de 2017, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excma. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que as proposicións presentadas polas empresas ÁGADA OCCIDENTE SL, que ofertou unha baixa do 38,13 %, EXCAVACIONES POSE SL, que ofertou unha baixa do 39,06 %, CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL, que ofertou unha baixa do 36,55 %, EXCAVACIONES MIDÓN SL, que ofertou unha baixa do 38,00 % e MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, que ofertou unha baixa do 37,65 % estaban incursas en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

ACORDOU:

1º.- Dirixir escrito vía fax á ÁGADA OCCIDENTE SL, EXCAVACIONES POSE SL, CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL, EXCAVACIONES MIDÓN SL e MECANO OBRAS Y REFORMAS SL concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada polas empresas requiridas a documentación xustificativa das baixas

remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Con data 2 de xaneiro de 2018 remitiúselle escrito de requirimento ás cinco empresas que segundo o programa de cálculo da Deputación Provincial entraban en oferta desproporcionada. Transcorrido o tempo concedido para a xustificación presentaron a documentación tres empresas: EXCAVACIONES POSE (clasificada en primeiro lugar), ÁGADA OCCIDENTE SL (segunda clasificada) e MECANO OBRAS Y REFORMAS SL (clasificada en cuarto lugar). As restantes empresas requiridas, CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL e EXCAVACIONES MIDÓN SL non presentaron ningunha documentación xustificativa, segundo consta no rexistro xeral de entrada do Concello de Ames. Debido ó anteriormente exposto douselle traslado ós servizos técnicos do Concello da documentación presentada polas tres empresas que si presentaron en prazo documentación para xustificar a súa oferta económica.

A arquitecta técnica municipal, María Gamundi Fernández, emitiu informe, con data 29 de xaneiro de 2018, que transcrito literalmente dí:

"INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR DIVERSAS EMPRESAS RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DAS OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA DE SANEAMENTO EN VENTOSA. PAS 2015

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 62.549,18 €. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 44.909,32 €, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 42.970,38 €. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 40.104,26 €, que supón un 35,88% de baixa.

Das ofertas presentadas, as seguintes atópanse no suposto referido no parágrafo anterior:

ÁGADA OCCIDENTE SL: 38.700,00 € [38,13% baixa]
EXCAVACIONES POSE SL: 38.115,00 € [39,06% baixa]
CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL: 39.686,74 € [36,55% baixa]
EXCAVACIONES MIDÓN SL: 38.780,59 € [38,00% baixa]
MECANO OBRAS Y REFORMAS SL: 39.001,16 € [37,65% baixa]


Destas empresas as seguintes presentan documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.:

ÁGADA OCCIDENTE, SL
EXCAVACIONES POSE, SL
MECANO OBRAS Y REFORMAS, SL

INFORME:

ÁGADA OCCIDENTE SL:

A documentación que achega a empresa consta dunha memoria na que indica os motivos que xustifican a oferta, de orzamentos de 3 subministradores de material (ABN PIPE, ÁRIDOS DE REBOIRA SL e GUNTIN PREFABRICADOS PARA CONSTRUCCIÓN, e unha carta de compromiso de QUIMIASFALT para o subministro de



emulsión asfáltica; e un cadro comparativo do orzamento por partidas.

Na memoria xustificativa argumenta que a oferta presentada sitúase 229,88 € por riba do límite da temeridade, o que considera debe de ser tido en conta na avaliación da mesma. Os custos do proxecto están calculados para un prazo de execución de 6 meses. Dado que a empresa ten previsto executala en 45 días, reduce substancialmente os custos directos e indirectos, e a porcentaxe de gastos xerais (o computan nun 8%). Por outro lado, prevé un beneficio industrial do 4%.

A documentación complétase cun cadro resumo da oferta, desagregada por partidas. Conta cunha columna cos prezos de proxecto, outra cos prezos da oferta, e unha terceira columna coa diferenza.

Avaliación da documentación achegada:

Cómpre indicar, de inicio, que o dato que indica o licitador de que a súa oferta sitúase 229,88 € por riba da temeridade é errónea. Este límite está situado no 35,88%, correspondente a unha teórica oferta de 40.104,26 €. Polo tanto, a distancia non é a que sinala.

Por outra banda, o licitador non achega un cadro de prezos descompostos das partidas, que xustifique convenientemente o orzamento. Presuponse que se aplican prezos de materiais facilitados polas subcontratas, pero debería quedar reflectido no citado cadro.

Por todo o anterior, considérase que o licitador no xustifica adecuadamente a baixa ofertada.

EXCAVACIONES POSE:

A documentación que presenta consta dos seguintes apartados:

- Xustificación dos prezos ofertados, con relación dos medios propios en e materiais de produción propia e maquinaria; e carta de compromiso dos provedores do resto do material da maquinaria de aluguer. Oferta detallada por unidades de obra
- Volume de obra.
- Relación entre custos laborais fixos e o volume de obra contratada.

A empresa achega compromiso para o subministro de material das seguintes empresas:

- HORMIGONES SANTA COMBA: formigón.
- ABN PIPE: tubaxes, rexillas, etc.
- CANTEIRA DA MINA SL: áridos para formigón e capas granulares.
- PROBISA: emulsión asfáltica
- CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS SL: Transporte e xestión de entullos.

De seguido relaciona nominalmente o persoal da empresa e a maquinaria da que dispón (camións, retroescavadoras, palas cargadoras, etc).

No apartado 3 faise un estudo do orzamento por unidades. Das partidas que compoñen o proxecto modifícase o prezo de 4 partidas: escavación en zanxa (difícil acceso), tubo de PVC 315MM, pozo de rexistro e xestión de entullos (esta última case sen repercusión económica).

A que ten mais relevancia é a partida de escavación difícil acceso. O licitador argumenta que non existe dificultade na execución desa partida, e polo tanto aplica o prezo da partida anterior, que é de escavación en zanxa de maneira convencional (achega informe técnico).

Outra partida importante é a de tubo de PVC para saneamento. O licitador reformula o prezo descomposto desa partida, aplicando o que o subministrador oferta polo material. Ademais, indica que ten acopiado unha cantidade importante de tubo procedente doutra obra que quedou sen executar, polo que desconta ese material do cómputo total da partida (achega informe técnico).

No resumo final do orzamento mantén as porcentaxes destinadas a gastos xerais e beneficio industrial.

Avaliación da documentación achegada:

O peso da argumentación do licitador recae sobre a reformulación do prezo de tres partidas, das cales dúas baséanse na aplicación no descomposto do prezo do material ofertado polo subministrador, do que existe orzamento e compromiso.

Canto á partida de execución de escavación, non se pode aceptar o argumento de que non existen zonas de difícil execución. O proxecto obxecto de licitación contempla esta partida, polo que se presume que sí existen. Ademais, unha inspección visual da zona de actuación permite comprobar que, en determinados tramos, o nivel freático e a auga de escorrentía superficial poden dificultar os traballos. Ademais, a maior parte dos tramos teñen acceso dende parcelas de titularidade privada, polo que a execución desa partida queda condicionada aos acordos que se cheguen cos propietarios (forma de executar, maquinaria a empregar, reposición de elementos ao seu estado inicial, etc). Todo isto ten unha repercusión económica no prezo da partida que non se pode obviar.

Visto o anterior, considérase que non se xustifica adecuadamente a oferta presentada.

MECANO OBRAS Y REFORMAS:

O licitador presenta unha documentación para xustificar a súa oferta co seguinte índice:

- Xustificación da oferta e dos prezos ofertados: antecedentes, situación da obra e medios da empresa,
- xustificación de custos (custo directo, gastos xerais e beneficio industrial), orzamento xustificativo do custo da obra e da oferta, oferta de provedores e cartas de compromiso, relación de maquinaria en propiedade.
- Volume de obra: volume de obra contratada, e relación entre o volume de obra contratada e medios persoais e materiais ofertados.
- Custos laborais fixos e volume de obra contratada.

A empresa recalcula o prezo das partidas do proxecto a partir dos prezos da man de obra (convenio colectivo da construción), custo da maquinaria e dos materiais subministrados por empresas da zona. Tamén analiza os custos indirectos, gastos xerais e beneficio industrial. Para a maquinaria, establece os custos que figuran na Base de Datos da Construción de Galicia.

A partir destes datos elabora novos prezos descompostos das partidas que, aplicados ao estado de medicións xera o orzamento que ofertou. Para o cálculo final considera un 6% de gastos indirectos, incluídos os gastos de estrutura, financeiros e cargas fiscais; o 1% para o control de calidade da obra; e un beneficio previsto do 2,28%.

O licitador inclúe na documentación as cartas de compromiso de diversas empresas subministradoras, así como os orzamentos dos materiais:

- CANTEIRAS MIRAMONTES: Áridos de granito.
- COMERCIAL RAMÓN VIÑA: Madeira de encofrar, aro de formigón, paté, cono de redución.
- HORMIGONES CARRAL: Formigón.
- SUMIAGUA: Tubos de fundición e PVC, pozos, rexistros.

A relación de maquinaria propia está composta por diversos vehículos e maquinaria (escavadoras, remolques, basculantes, grúa, etc).

Avaliación da documentación achegada:

A modificación dalgunha partida non está xustificada. Por exemplo, a partida PA a xustificar en entronque a rede existente pasa de 1.500,00 € a 850,00 € sen que se explique o motivo desa redución. A partida Ud xestión de entullos tamén se reduce notablemente sen xustificación (pasa de 664,24 € a 400,00 €). Tendo en conta que o aforro non xustificable que se obtén nestas partidas é maior que o beneficio esperado, enténdese a relevancia que ten esta xustificación.



Por outro lado, o licitador incorre nunha confusión conceptual na aplicación das porcentaxes de gastos indirectos e beneficio industrial. Transcríbese, de seguido, a regulación contida no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas:

Artigo 130. Cálculo dos prezos das distintas unidades de obra.

"...3. Consideraranse custos indirectos:

Os gastos de instalación de oficinas a pe de obra, comunicacións, edificación de almacéns, talleres, pavillóns temporais para obreiros, laboratorio, etc., os do persoal técnico e administrativo adscrito exclusivamente á obra e os imprevistos. Todos estes gastos, excepto aqueles que se reflicten no orzamento valorados en unidades de obra ou en partidas alzadas, cifranse nunha porcentaxe dos custos directos, igual para todas as unidades de obra, que adoptará, en cada caso, o autor do proxecto á vista da natureza da obra proxectada, da importancia do seu presuposto e do seu previsible prazo de execución".

Artigo 131. Presuposto de execución material e orzamento base de licitación.

"O orzamento base de licitación obterase incrementando o de execución material nos seguintes conceptos:

1. Gastos xerais de estrutura que inciden sobre o contrato, cifrados nas seguintes porcentaxes aplicadas sobre o presuposto de execución material:

a) Do 13 ao 17 por 100, a fixar por cada Departamento ministerial, á vista das circunstancias concorrentes, en concepto de gastos xerais da empresa, gastos financeiros, cargas fiscais, Imposto sobre o Valor Engadido excluído, taxas da Administración legalmente establecidas, que inciden sobre o custo das obras e demais derivados das obrigas do contrato..."

Do anterior dedúcese que os custos indirectos deberían figurar en cada partida, mentres os gastos xerais deberían aplicarse ao conxunto do presuposto de execución material.

Considérase que os custos indirectos que recolle o orzamento son adecuados e cobren os gastos específicos dese concepto, polo que debería terse previsto unha porcentaxe, aínda que fose pequena, para absorber os custos de infraestrutura, financeiros, etc da empresa.

Por todo o anterior considérase que a empresa non xustifica convenientemente a súa oferta.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada polas empresas licitadoras para xustificar as ofertas económicas realizadas, considérase que ningunha delas a xustifica de xeito adecuado, polo que se informan desfavorablemente."

A vista do resultado do informe, emitido por María Gamundi Fernández, procede a exclusión, das empresas ÁGADA OCCIDENTE SL, EXCAVACIONES POSE SL e MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, do procedemento por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria. Así mesmo procede a exclusión do procedemento das empresas CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL e EXCAVACIONES MIDÓN SL, que non presentaron ningún tipo de documentación para xustificar a súa oferta económica considerada como desproporcionada.

A continuación procédese a valoración dos sobres C que conteñen a documentación correspondente ós criterios avaliábeis mediante aplicación dunha fórmula obténdose o seguinte resultado:

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 383 002
Fax: 981 383 925

Tipo de licitación con IVE: 62.549,18.- Euros

	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
1	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA SL	53.131,09	16,99
2	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	43.721,87	32,74
3	BRISA EXCAVACIONES OBRAS Y SERVICIOS SL	62.549,17	1,00
4	SERGONSA SERVICIOS SL	42.975,57	33,84
5	COSMALCA SL	48.650,00	24,60
8	SYR-AMG SLU	42.527,10	34,50
9	OBRAS Y SERVICIOS ÍNDIGO SL	41.269,95	36,35
10	EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS SL	45.516,34	29,92
11	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	45.016,65	30,77
12	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU	42.839,81	34,04
13	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL	43.076,00	33,70
14	ESPINA Y DELFÍN SL	46.580,38	28,11
15	CARREIRA XXI CONSTRUCCIÓN Y REHABILITACIÓN SL	52.619,08	17,86
16	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	46.104,99	28,92
17	OVIGA SL	40.420,00	37,61
19	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	44.228,53	32,00
20	PONCIANO NIETO SL	43.228,53	32,46
21	SONDEOS PORZUNA SL	44.603,82	31,45
22	CETA CONTRATAS SL	49.613,34	22,96
23	GESTAL Y LÓPEZ SL	44.065,90	32,24
24	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	41.106,12	36,60
25	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	40.562,83	37,40
26	EXCAVACIONES Y ÁRIDOS ORDES SLU	41.387,83	36,18
27	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL SL	40.997,38	36,76
28	COVIASDEC SL	45.372,88	30,16
29	CONSTRUCCIONES VALE SL	45.779,74	29,47
30	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	53.679,71	16,06
31	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	46.999,99	27,40
33	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA)	48.413,07	25,00
34	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI)	44.829,86	31,41
36	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	47.130,81	27,31
37	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	42.169,14	35,03
38	AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	42.535,83	34,49

Unha vez obtida a puntuación total acadada polos licitadores, a Mesa de contratación de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público procede a elaborar a lista por orde decrecente de

puntuación, resultando o seguinte:

	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
17	OVIGA SL	40.420,00	37,61
25	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	40.562,83	37,40
27	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL SL	40.997,38	36,76
24	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	41.106,12	36,60
9	OBRAS Y SERVICIOS ÍNDIGO SL	41.269,95	36,35
26	EXCAVACIONES Y ÁRIDOS ORDES SLU	41.387,83	36,18
37	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	42.169,14	35,03
8	SYR-AMG SLU	42.527,10	34,50
38	AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	42.535,83	34,49
12	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU	42.839,81	34,04
4	SERGONSA SERVICIOS SL	42.975,57	33,84
13	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL	43.076,00	33,70
2	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	43.721,87	32,74
20	PONCIANO NIETO SL	43.228,53	32,46
23	GESTAL Y LÓPEZ SL	44.065,90	32,24
19	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	44.228,53	32,00
21	SONDEOS PORZUNA SL	44.603,82	31,45
34	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES SL (ACEVI)	44.629,86	31,41
11	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	45.016,65	30,77
28	COVIASDEC SL	45.372,88	30,16
10	EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS SL	45.516,34	29,92
29	CONSTRUCCIONES VALE SL	45.779,74	29,47
16	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	46.104,99	28,92
14	ESPINA Y DELFÍN SL	46.580,38	28,11
31	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	46.999,99	27,40
36	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	47.130,81	27,31
33	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA)	48.413,07	25,00
5	COSMALCA SL	48.650,00	24,60
22	CETA CONTRATAS SL	49.613,34	22,96
15	CARREIRA XXI CONSTRUCCIÓN Y REHABILITACIÓN SL	52.619,08	17,86
1	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA SL	53.131,09	16,99
30	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	53.679,71	16,06
3	BRISA EXCAVACIONES OBRAS Y SERVICIOS SL	62.549,17	1,00


A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

1º.- Trasladar ao órgano de contratación a exclusión do procedemento das empresas ÁGADA OCCIDENTE SL, EXCAVACIONES POSE SL, CONSTRUCCIONES SIBER ORDES SL, EXCAVACIONES MIDÓN SL e MECANO OBRAS Y REFORMAS SL por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de saneamento en Ventosa á empresa **Obras y Viales de Galicia SL (OVIGA SL)** con CIF B-15608193 no prezo de trinta e tres mil catrocentos catro euros e noventa e seis céntimos (**33.404,96.- €**), máis o IVE correspondente que ascende a cantidade de sete mil quince euros e catro céntimos (**7.015,04.- €**), así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as doce horas e dez minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.



PROGRAMA DE VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS EN CONTRATOS E CONCURSOS

Manual de usuario [PDF] | Fórmula [PDF]



Convenio de Investigación da
Deputación da Coruña co
Departamento de Matemática
Aplicada da Universidade de Santiago
de Compostela - Ano 2010

A nova versión do Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Exportar datos

Seleccionar archivo Ningún archivo seleccionado

Recuperar datos

Paso 1

Paso 2

Paso 3

Paso 4

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Na seguinte táboa aparecen as valoracións das ofertas. Resáltase en cor verde a(s) oferta(s) mellor valorada(s) e en cor vermella as ofertas temerarias. Para imprimir correctamente os resultados, configure previamente unha páxina horizontal.

Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso

SANEAMENTO EN VENTOSA

Prezo de Licitación		Puntuación Máxima	Oferta Media	Oferta Media (excl. ofertas extremas)	Limite Oferta Temeraria				
62,549.18 €		40 puntos	44,696.68 €	42,897.37 €	40,036.12 €				
Nº Empresa	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Media	Total	
1	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA SL	53,131.09	15.06	1.00	15.99	Non	Si	16.99	
2	EULOGIO VIÑAL SA	43,721.87	30.10	1.00	31.74	Non	Non	32.74	
3	BRISA EXCAVACIONES OBRAS Y SERVICIOS SL	62,549.17	0.00	1.00	0.00	Non	Si	1.00	
4	SERGONSA SL	42,975.57	31.29	1.00	32.84	Non	Non	33.84	
5	COSMALCA SL	48,650.00	22.22	1.00	23.60	Non	Si	24.60	
6	AGADA OCCIDENTE SL	38,700.00	38.13	1.00	39.14	Si	Non	40.14	
7	EXCAVACIONES POSE SL	38,115.00	39.06	1.00	40.00	Si	Non	41.00	
8	SYR-AMG SLU	42,527.10	32.01	1.00	33.50	Non	Non	34.50	
9	OBRAS Y SERVICIOS INDIGO SL	41,269.95	34.02	1.00	35.35	Non	Non	36.35	
10	EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS SL	45,516.34	27.23	1.00	28.92	Non	Non	29.92	
11	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	45,016.65	28.03	1.00	29.77	Non	Non	30.77	
12	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU	42,839.81	31.51	1.00	33.04	Non	Non	34.04	
13	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL	43,076.00	31.13	1.00	32.70	Non	Non	33.70	
14	ESPIÑA Y DELFÍN SL	46,580.38	25.53	1.00	27.11	Non	Non	28.11	
15	CARREIRA XXI CONSTRUCCIÓN Y REHABILITACIÓN SL	52,619.08	15.88	1.00	16.86	Non	Si	17.86	
16	IGLESIAS MERA SL	46,104.99	26.29	1.00	27.92	Non	Non	28.92	
17	OVIGA SL	40,420.00	35.38	1.00	36.61	Non	Non	37.61	

18	SIBER ORDES SL	39,686.74	36.55	1.00	37.69	Si	Non	38.69
19	CONSTRUCCIONES J MAURI SL	44,228.53	29.29	1.00	31.00	Non	Non	32.00
20	PONCIANO NIETO SL	43,915.78	29.79	1.00	31.46	Non	Non	32.46
21	SONDEOS PORZUNA SL	44,603.82	28.69	1.00	30.45	Non	Non	31.45
22	CETA CONTRATAS SL	49,613.34	20.68	1.00	21.96	Non	Si	22.96
23	GESTAL Y LÓPEZ SL	44,065.90	29.55	1.00	31.24	Non	Non	32.24
24	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	41,106.12	34.28	1.00	35.60	Non	Non	36.60
25	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	40,562.83	35.15	1.00	36.40	Non	Non	37.40
26	EXCAVACIONES Y ÁRIDOS ORDES SLU	41,387.83	33.83	1.00	35.18	Non	Non	36.18
27	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL SL	40,997.38	34.46	1.00	35.76	Non	Non	36.76
28	COVIASSTEC SL	45,372.88	27.46	1.00	29.16	Non	Non	30.16
29	CONSTRUCCIONES VALE SL	45,779.74	26.81	1.00	28.47	Non	Non	29.47
30	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	53,679.71	14.18	1.00	15.06	Non	Si	16.06
31	CANARGA SL	46,999.99	24.86	1.00	26.40	Non	Non	27.40
32	EXCAVACIONES MIDÓN SL	38,780.50	38.00	1.00	39.02	Si	Non	40.02
33	MARCONSA SL	48,413.07	22.60	1.00	24.00	Non	Si	25.00
34	ACEVI SL	44,629.86	28.65	1.00	30.41	Non	Non	31.41
35	MECANO OBRAS Y REFORMAS SL	39,001.16	37.65	1.00	38.70	Si	Non	39.70
36	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	47,130.81	24.65	1.00	26.18	Non	Non	27
37	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	42,169.14	32.58	1.00	34.03	Non	Non	35.03
38	AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	42,535.83	32.00	1.00	33.49	Non	Non	34.49

Imprimir